

O VALEDOR DO POBO E A LINGUA GALEGA EN 2011



XANEIRO DE 2013
PROLINGUA

ÁREA DE CULTURA E POLÍTICA LINGÜÍSTICA

As queixas referentes á área da lingua inclúense na área de Cultura e Política Lingüística, nin sequera teñen entidade propia como para que se agrupen na área de Lingua Galega. O mesmo que en anos anteriores, en 2011 incidiron principalmente na falta dunha adecuada protección de determinados elementos do patrimonio cultural galego (competencias de cultura) e as discriminacións no uso dunha das dúas linguas oficiais no territorio administrativo da Comunidade Autónoma. Neste ano produciuse un significativo incremento das queixas relacionadas coas validacións e homologacións de cursos de lingua galega que deberían clasificarse na área de educación, pero que se inclúen neste apartado por implicaren en todos os casos a Secretaría Xeral de Política Lingüística, mesmo sen seren problemas de política lingüística en sentido estrito.

QUEIXAS RECIBIDAS

Recibíronse 103 queixas que se refiren a política lingüística, a cultura (patrimonio) e a educación (validacións de cursos)

Iniciadas: 103

Admitidas: 85 (83%)

Non admitidas: 15 (15%)

Remitidas ao Defensor del Pueblo: 3 (2%)

QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

Os dereitos lingüísticos no ámbito das Administracións Públicas

O valedor fai un recordatorio do que di a Constitución e o Estatuto sobre os dereitos lingüísticos: tanto o castelán como as demais linguas españolas serán oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos. Galicia ten un *estatuto de cooficialidade lingüística* no que o uso polos particulares de calquera lingua oficial efectivamente ten plena validez xurídica nas relacións que manteñan con calquera dos poderes públicos radicado no devandito territorio, «sendo o dereito das persoas ao uso dunha lingua oficial un dereito fundado na Constitución e o respectivo Estatuto de Autonomía». Xa que logo, establécese a co-oficialidade dos idiomas e o principio de non discriminación idiomática. Por iso, un dos dereitos que compete tutelar é o dereito ao uso normal do galego como idioma propio de Galicia, como tamén supervisar a efectividade do deber estatutario que afecta os poderes públicos da

Comunidade de garantir o uso normal e oficial dos dous idiomas e da potenciación do emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

Faise asemade referencia ao Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega que marca como obxectivo asegurar que na administración autonómica o galego sexa a lingua habitual nas relacións internas, nas relacións entre as administracións e nas relacións cos cidadáns, co que se logrará, deste xeito, consolidar o galego como lingua xeral de referencia na administración autonómica.

Tramitáronse varias **queixas de cidadáns pola non utilización da lingua galega na emisión de facturas dunha empresa de enerxía que opera na zona da Laracha**. Solicitado informe á empresa implicada na prestación deses servizos, respondeunos que estaban estudando a posibilidade de emitir nun futuro próximo a facturación en galego, para o que intentarían adaptar o seu sistema no máis breve prazo posible.

Administración autonómica

Menciónase un grupo de queixas presentadas por particulares cuxo contido tiña por obxecto supostos incumprimentos por parte da Administración autonómica da Lei de Normalización Lingüística, nuns casos, ou da Constitución, noutros.

Un ano máis, conséntase que é no ámbito da administración sanitaria (Sanidade e SERGAS) onde se producen bastantes queixas. Producíronse **denuncias tanto pola non utilización de modelos en lingua galega como en lingua castelá** (falta de impresos en castelán nalgún centro sanitario, e falta deles en galego noutros así como inexistencia de formularios de consentimento informado en lingua galega). A administración sanitaria indicou que se están realizando todas as actuacións posibles para cumprir a normativa vixente e para que todos os documentos dos centros sanitarios estean nas dúas linguas oficiais da Comunidade galega.

Tamén **foron obxecto de queixa a rotulación de indicacións interiores dalgúns hospitais da rede sanitaria galega**. En concreto unha queixa no Complexo Hospitalario de Ourense deu lugar á suxestión do valedor de que todas as indicacións e rotulacións de espazos interiores dos centros e complexos adscritos ao Servizo Galego de Saúde, se realicen nos dous idiomas oficiais da comunidade autónoma, dando así cumprimento á normativa vixente nesta materia.

Tamén se presentaron **denuncias contra outras consellerías pola non utilización da lingua galega tanto nas páxinas web dalgunha delas como en redes sociais, como a de Twitter de TURGALICIA**.

Pola contra, outros cidadáns facían referencia nos seus escritos á **discriminación do castelán nos mesmos medios**. Todas estas queixas foron

tramitadas ante os departamentos correspondentes, recordándolles a lexislación aplicable e conseguindo un compromiso por parte daqueles de facer as xestións precisas para solucionalo.

Un ano máis **iniciáronse expedientes en relación coa sinalización das estradas e autovías**. Producíronse varias **reclamacións pola existencia de rotulacións e sinalizacións utilizando toponimia non oficial ou inadecuada**, como no caso dos sinais na intersección das estradas AC-540 e AC-566, circunstancia corrixida. **Algunhas delas remitíronse ao Defensor del Pueblo, por tratarse de actuacións da Administración Xeral do Estado** (dependentes do Ministerio de Fomento).

Ante todas as queixas presentadas nesta materia, nos informes remitidos polos Departamentos afectados da Administración autonómica, ratificábase o compromiso de facilitar ao administrado a información oral e tamén a documentación de que se trate en cada caso, na lingua que voluntariamente o cidadán elixa.

Resumo:

-Queixas pola falta de modelos en galego ou en castelán perante a Administración sanitaria.

-Queixa pola rotulación de indicacións interiores dalgúns hospitais da rede sanitaria galega.

-Queixa contra Turgalicia pola non utilización do galego na web e en twitter.

-Reclamacións pola existencia de rotulacións e sinalizacións utilizando toponimia non oficial ou inadecuada. Algunhas remitíronse ao Defensor del Pueblo, por tratarse de estradas dependentes do Ministerio de Fomento)

Administración local

Presentáronse **queixas pola inexistencia de formularios de petición para os administrados nalgunha das dúas linguas cooficiais así como outros documentos emitidos polos entes locais**. Dous cidadáns presentaron escritos de queixa **contra o Concello de Lugo** porque as notificacións e recibos emitidos por esa entidade se realizaban só en galego, cando manifestaran expresamente a preferencia polo castelán.

Ante estas queixa, trala investigación realizada pola institución e á vista da información facilitada polo Concello de Lugo, recordóuselles a normativa aplicable en materia lingüística, o que deu orixe a que con data 3 de febreiro se formulase suxestión por parte desta institución para que ante a petición dun cidadán de utilización da lingua castelá nas súas relacións co concello, se lle redacten os documentos e comunicacións na lingua da súa elección sen necesidade de que teña que solicitar expresamente a tradución de cada un dos escritos que forman parte das distintas fases do procedemento.

Presentación de varias queixas pola utilización de **toponimia incorrecta en sinalizacións de obras, rúas e prazas de diferentes concellos da nosa**

comunidade, e tamén pola non utilización da lingua galega en diversos servizos públicos. Exemplo disto último é a queixa dun cidadán acerca de que as informacións subministradas pola empresa de transporte público da Coruña se realizaban exclusivamente en lingua castelá (utilizábase o topónimo ilegal “La Coruña” e tamén nos paneis informativos e nas pantallas informativas se excluía a información en galego). O concello recoñece que toda a información se realiza exclusivamente en lingua castelá. O valedor lembra a normativa aplicable en materia de toponimia oficial de Galicia e de fomento do uso do galego por parte das administracións públicas, concluíndo a actuación cunha recomendación ao Concello da Coruña para que requirise á empresa concesionaria de transporte o cumprimento da normativa vixente en materia de normalización lingüística. Neste momento tal recomendación atópase pendente de aceptación polo concello.

Presentáronse **tres queixas contra a Deputación Provincial de Pontevedra, sede en Vigo, pola discriminación da lingua galega nas comunicacións informativas sobre actividades dirixidas a particulares ou colectivos.** A Deputación entende que se estaba garantindo o uso da lingua galega cun emprego maioritario das súas comunicacións. Pese a iso, o valedor formula recomendación para que as comunicacións informativas se realicen sen exclusión de ningunha das linguas oficiais da Comunidade Autónoma. Esta recomendación foi expresamente aceptada pola Deputación Provincial de Pontevedra.

Resumo:

-Dúas queixas contra o concello de Lugo porque as notificacións e recibos se realizaban soamente en lingua galega, cando manifestaran expresamente a preferencia pola lingua castelá.

-Varias queixas pola utilización de toponimia incorrecta en sinalizacións de obras, rúas e prazas de diferentes concellos, e tamén pola non utilización da lingua galega en diversos servizos públicos.

-Tres queixas contra a Deputación de Pontevedra pola discriminación da lingua galega nas comunicacións informativas sobre actividades dirixidas a particulares ou colectivos.

QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Os 15 expedientes non admitidos a trámite responden aos seguintes motivos:

*Por non se producir unha actuación administrativa previa.

*Por non ser competencia da institución, como a relativa ao ensino da lingua galega no Bierzo.

*Por referirse a relacións xurídicas de natureza privada

QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

*Denuncia por non utilizar a lingua galega un axente da Garda Civil

*Non utilización do idioma galego na páxina web da Dirección Xeral de Tráfico

*Ausencia de impresos normalizados en galego na Oficina de Xestión Territorial do Ministerio de Xustiza na Coruña.

RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

1. Suxestión dirixida ao alcalde-presidente do Concello de Lugo, para que os documentos emitidos polo Concello de Lugo se redacten na lingua solicitada polo interesado.

Tratábase de dous cidadáns que solicitaban que as notificacións e recibos que se lle emitisen desde ese concello foran realizados en lingua castelá.

Faise a seguinte **suxestión**:

Que ante a petición dun cidadán de utilización da lingua castelá na relación con esa administración, se lle redacten todos os documentos dos procedementos nos que sexa interesado na lingua da súa elección, sen que expresamente teña que solicitar a tradución de cada un dos documentos que se produzan en cada procedemento.

Resposta do alcalde de Lugo: aceptada

2. Recomendación dirixida ao alcalde-presidente do Concello da Coruña, para que as informacións subministradas pola empresa municipal de tranvías se realicen sen exclusión de ningunha das linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

Nun escrito de queixa, denunciase a non utilización da lingua galega nas informacións de transporte público do Concello da Coruña.

Faise a seguinte **recomendación**:

Que por parte do Concello da Coruña se requira da empresa municipal de tranvías para que tanto nas informacións subministradas aos cidadáns como nos rótulos e gravacións dos medios materiais por ela utilizados, se realicen sen exclusión de ningunha das linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma, procedendo así mesmo á utilización dos topónimos oficialmente recoñecidos.

Resposta do alcalde da Coruña: pendente

3. Suxestión dirixida á Conselleira de Sanidade, para que as indicacións e rotulacións de espazos interiores dos centros e complexos hospitalarios adscritos ao Sergas se realicen nas dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

Faise a seguinte **suxestión**:

Que as indicacións e rotulación de espazos interiores dos centros e complexos hospitalarios adscritos ao Servizo Galego de Saúde se realicen nos dous idiomas oficiais desta Comunidade Autónoma, para así dar cumprimento ao establecido na Constitución Española, Estatuto de Autonomía de Galicia e Lei de Normalización Lingüística.

Resposta da Conselleira de Sanidade: aceptada

4. Suxestión dirixida ao alcalde-presidente do Concello da Coruña, para que adopte as medidas necesarias a fin de que as indicacións e rotulacións das rúas e vías públicas estean redactadas nas dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

Faise a seguinte **suxestión**:

Que polo Concello da Coruña se adopten as medidas necesarias para que as indicacións e rotulacións de rúas e vías públicas estean redactadas nos dous idiomas oficiais desta Comunidade Autónoma, dando así cumprimento ao establecido na Constitución Española, Estatuto de Autonomía de Galicia e Lei de Normalización Lingüística, de tal forma que non prevaleza unha lingua sobre a outra salvagardando deste xeito a liberdade de opción lingüística dos cidadáns e impulsando o uso do galego en tódolos ámbitos da vida pública.

Resposta do alcalde da Coruña: aceptada

Amais disto, o informe do valedor do pobo dá conta de que o día 28 de xullo se celebrou unha reunión sobre dereitos lingüísticos á que asistiu o valedor, pero non se facilita ningunha outra información.

OUTROS VALEDORES

En ámbitos da súa competencia, existen outros valedores no sistema universitario de Galicia e no concello de Vigo. Velaquí o resultado do seu traballo no referente aos dereitos lingüísticos no ano 2011 ou no último curso do que existe informe publicado.

Valedor da Comunidade Universitaria USC

Preséntase unha queixa en relación coa imposibilidade de realizar exames en galego en determinadas materias. No informe que lle foi solicitado a Sra. decana da Facultade indica o seguinte:

En relación coa solicitude de informe sobre os feitos que motivaron o citado expediente de queixa, infórmolle que:

1. Pediuse ás profesoras encargadas das materias aludidas na queixa, que fixesen chegar ao Decanato a súa descrición das circunstancias dos exames referidos e, de ser o caso, evidencias sobre a posibilidade ofertada ao alumnado de realización das probas en galego.
2. As tres profesoras afirmaron ter por norma ofrecer ao alumnado a posibilidade de realizar os exames en galego e que así o fixeron na convocatoria referida na queixa. As profesoras depositaron no Decanato copias dos exames elaborados para a dita convocatoria, na súa versión en idioma galego. A profesora coordinadora dunha materia, entregou tamén copias de diversos materiais docentes publicados en galego para os/as alumnos/as. Achéganse estes documentos ao presente informe.
3. Dúas das profesoras argumentaron por escrito a inexactitude da queixa. Achéganse, tamén, copias destes escritos.
4. Non constan no Decanato, ata o presente, incidencias referidas ao motivo da queixa. Este informe vén acompañado dos exemplares en galego dos exames das tres materias correspondentes ao primeiro cuatrimestre do curso 2010/2011 e mais o programa e unha unidade didáctica en galego correspondente a unha das materias.

Á vista do anterior considérase que nas materias se facilita que o estudantado poida facer uso da lingua galega nas probas de avaliación.

Valedor Universitario Universidade da Coruña

Ningunha queixa no curso 2010-2011

Valedor do cidadán Concello de Vigo

Ningunha queixa en 2011

Sen noticias dun hipotético valedor da Universidade de Vigo

No caso das reclamacións ao Concello de Lugo un dos demandantes –se cadra tamén o outro, pero non temos constancia diso- quixo deixar ben claro, en especial para os medios de comunicación -que así o recolleron con bastante máis alarde do que a noticia merecía- a súa condición de membro de Galicia Bilingüe, conseguindo así que o ruído fose moito meirande ca o das noces que

debullou, sobre todo se temos en conta que, ao parecer, para conseguir o que solicitaban abondaríanlles con presentar a reclamación no propio Concello.

ProLingua
en xaneiro de 2013